



Concello de Ourense
Alcaldía

RESPOSTA Ó ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR O 14 DE OCTUBRE DE 2008, CON ENTRADA DE REXISTRO NÚMERO 38067, E O ESCRITO DE DITO VOCEIRO DE 27 DE OCTUBRE CON ENTRADA DE REXISTRO NÚMERO 39915

En relación ó escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o 14 de outubro de 2008, no que formulaba nove preguntas en relación a unha suposta “instalación de paneis informativos no Parque de San Lázaro, Alameda e noutros espazos públicos”, escrito reiterado o 27 de outubro de 2008, teño a ben comunicarlle o seguinte:

1. A 14 de outubro de 2008, data de presentación do seu escrito, o Concello de Ourense non ten formalizado ningún contrato oficial, nin ten aberto oficialmente ningún procedemento administrativo para outorgar a concesión da instalación de paneis informativos no Parque de San Lázaro, na Alameda ou noutros espazos públicos de dominio ou propiedade municipal. Esta situación se mantén a 27 de outubro, data de presentación do seu segundo escrito.
2. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 16 de outubro de 2008 e en relación co asunto número 82 “Convenio entre a Concellería de Turismo, Industria e Comercio e a empresa Afiador Producións para a prestación do servizo de información turística”, acorda retirar este punto do orden do día e solicitar informe da Asesoría Xurídica sobre a proposta, como así lle consta ó concelleiro do seu Grupo, don Aurelio Gómez Villar, que solicitou permiso para consultar o expediente e consultouno efectivamente nas dependencias de Secretaría Municipal.
3. O informe, emitido pola asesoría xurídica do Concello o 29 de outubro, considera que o expediente retirado do orden do día da Xunta de Goberno do 16 de outubro adolece de defectos formales que impiden a súa aprobación.

Ourense, a 4 de Novembro de 2008

Asdo.: Francisco Rodríguez Fernández
Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ourense